



Proba de

Código

CSPX010

Lingua
galega e
literatura

Control

Poña aquí a etiqueta
de control do exame

(código só en letras)

Lingua galega e literatura



1. Formato da proba

Formato

- A proba consta de doce preguntas tipo test e dúas preguntas de resposta aberta.
 - Parte inicial: doce preguntas tipo test.
 - Texto: unha pregunta de resposta aberta.
 - Parte teórica: unha pregunta sobre historia da literatura.

Puntuación

- Cada pregunta tipo test: 0'50 puntos.
- Cada 4 respostas incorrectas descontaranse 0,5 puntos
- Pregunta 13: 1'50 puntos.
- Pregunta 14: 2'50 puntos.
 - Contidos do tema: 1'50 puntos.
 - Propiedades do texto: adecuación, 0'25 puntos; coherencia, 0'25 puntos; cohesión, 0'25 puntos; gramaticalidade 0'25 puntos.

Duración

- Esta proba ten unha duración de 40 minutos.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencias para o alumnado

- Os exames non deben levar ningún tipo de marca nin texto que poidan identificar o candidato.



2. Exercicio

1. O termo “diglosia” defínese como:

- A** A aprendizaxe dunha lingua na familia e outra na escola.
- B** A capacidade dun individuo para desenvolverse en dúas linguas, tanto a nivel oral como escrito.
- C** A existencia de dúas linguas ou variedades lingüísticas nunha sociedade, unha utilizada en situacións formais e outra en situacións informais.

2. A “normalización lingüística” defínese como:

- A** O proceso de substitución dunha lingua por outra debido á política lingüística levada a cabo por un estado.
- B** O conxunto de medidas e accións legais e políticas destinadas a recuperar o uso e as funcións dunha lingua minorizada en todos os ámbitos da súa sociedade.
- C** O conxunto de dereitos lingüísticos que se formularon na Conferencia Mundial de Dereitos Lingüísticos de 1996.

3. As variedades xeográficas do galego moderno clasifícanse en:

- A** Catro áreas divididas por medio de isoglosas.
- B** Tres variedades: galego antigo, galego medio e galego contemporáneo.
- C** Tres bloques lingüísticos: occidental, central e oriental.

4. No Estatuto de Autonomía de 1981 establécese que:

- A** A lingua propia de Galicia é o castelán e os idiomas galego e castelán son oficiais.
- B** A lingua propia de Galicia é o galego e os idiomas galego e castelán son oficiais.
- C** A lingua oficial de Galicia é o galego e o idioma castelán é unha lingua de traballo.

5. As palabras “astronauta” e “cosmonauta” constitúen un caso de:

- A** Sinonimia total.
- B** Sinonimia parcial.
- C** Polisemia.



6. As palabras “merlo, andoriña, xílgaro, pardal, pega, corvo” son:

- A Homónimos.
- B Cohipónimos.
- C Antónimos.

7. As palabras incorrectas “estrano, brilar, urbán, inconvinete” son:

- A Deformacións por vulgarismo.
- B Lusismos por influencia do portugués.
- C Hiperenxebrismos ou hipergaleguismos por afán de ultracorrección.

8. Os verbos “comer, beber, servir, subir”:

- A Presentan alternancia vocálica no presente de indicativo.
- B Teñen unha raíz para o tema de presente e outra para o de perfecto.
- C Carecen de sufixos de tempo e modo para expresaren estas categorías.

9. Na oración “Téñocho dito moitas veces” a perífrase verbal aspectual é:

- A Imperfectiva, porque presenta a acción contemplada na súa duración.
- B Terminativa, porque indica que a acción se achega ao seu termo.
- C Reiterativa, porque indica repetición dunha acción.

10. Na oración complexa “Gústame que veñas” a oración “que veñas” funciona como:

- A Complemento directo.
- B Suxeito.
- C Atributo.

11. Na oración complexa “Os discos que chegaron onte están no andel” hai:

- A Unha oración subordinada adxectiva ou de relativo.
- B Unha oración subordinada adverbial ou circunstancial.
- C Unha oración subordinada substantiva.

12. Na oración simple “Os xornalistas falaron dos excelentes resultados do equipo” hai:

- A Un complemento directo introducido por preposición.
- B Un suplemento constituído sempre por unha frase preposicional.
- C Un complemento indirecto introducido por preposición.



Texto con cuestións de resposta aberta

Chamo á porta do amor na noite escura
e está o teu corazón coa luz prendida,
a túa man socórreme a ferida
e cúrame o teu labio a desventura.

A auga que me dás tan fresca e pura
é da fonte limpísima da vida:
mel da túa roseira florecida
entre as coxas, as sedas, a espesura...

E xa por sempre irei de ti cautivo
pois dásme a vida e dásme a sepultura
dun amor imposíbel e furtivo.

Como me doe a túa fermosura
da que devezo e ando fuxitivo,
pois sei que o mal que teño non ten cura!

Antón Avilés de Taramancos (1935-1992). *As torres no ar* (1989).

13. Resuma o contido do poema e explique a rima, a medida e o tipo de estrofa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Parte xeral
LINGUA GALEGA E
LITERATURA

[CS.PX.010]

14. Desenvolva o seguinte tema: A poesía da Xeración dos 50. Extensión mínima: 200 palabras.



3. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1			X	
2		X		
3			X	
4		X		
5	X			
6		X		
7			X	
8	X			
9			X	
10		X		
11	X			
12		X		
Nº de respostas correctas:				
Nº de respostas incorrectas:				
Puntuación da pregunta 13:				
Puntuación da pregunta 14:				
Puntuación total:				

**Nas preguntas de test,
por cada 4 respostas incorrectas descontaranse 0,5 puntos**



4. Solución para as preguntas que non son de tipo test

- Pregunta nº 13:
 - O poema describe a situación dun namorado que sente un amor intenso. O protagonista acode á persoa amada, pois ela tería o remedio do seu sufrimento, pero conclúe convencéndose de que non existe solución.
 - Este poema está constituído por 14 versos hendecasilabos estruturados en dous cuartetos e dous tercetos que riman ABBA ABBA CAC ACA. A estrofa é un soneto.
- Pregunta nº 14:
 - A xeración dos anos 50 denomínase tamén Xeración das Festas Minervais, debido a que neste certame poético, celebrado en Santiago de Compostela desde 1953, é onde se deron a coñecer case todos os seus integrantes. Está composta polos poetas nados entre 1930 e 1940. Colaboraron no diario La Noche, da mesma cidade, e estiveron vinculados á Editorial Galaxia, de Vigo, na que publicaron a colección Illa Nova. Algúns deles fundaron o grupo Brais Pinto cando estudaban e residían en Madrid. Protagonizaron unha ruptura coa tradición literaria galega, viaxaron por Europa e interesáronse polo movemento da beat generation estadounidense e mais polo existencialismo así como polo jazz e o rock ou o teatro do absurdo e o nouveau roman francés. Viviron de nenos a guerra civil e criáronse no clima represivo da posguerra, polo que o seu contacto co galeguismo produciuse na Compostela universitaria daqueles anos a través de figuras como Otero Pedrayo, Carlos Maside e Ramón Piñeiro. Os poetas máis importantes desta xeración son:
 - Antón Avilés de Taramancos: a súa obra foi mal coñecida ata o seu regreso a Galicia en 1980 tras dúas décadas emigrado en Colombia. A súa obra parte da tensión entre o sentimento da saudade pola patria e a súa posesión a través do poema. Constrúe frecuentemente os seus poemas en versículos discursivos de ritmo rotundo, utiliza símbolos de carácter autobiográfico que evocan a infancia ou cantan a vivencia sensual do amor. Desde o punto de vista formal destacan os seus sonetos. Unha das súas obras máis representativas é *As torres no ar* (1989).
 - Uxío Novoneira: herdeiro da tradición paisaxística da poesía galega anterior e autor dunha obra que parte do entorno natural, desde unha perspectiva existencial e metafísica, de comunión coa natureza inmensa. A obra máis representativa é *Os eidos. Libro do Courel* (1981).
 - Xosé Luís Méndez Ferrín: coa súa obra *Con pólvora e magnolias* (1976) renovou a poesía galega moderna. O seu obxectivo era superar a poesía pseudo-social e a mala poesía política. O libro combina a proclama política (a pólvora) e a introspección íntima (as magnolias). Introduce referencias culturais, novos mecanismos de construción da linguaxe poética e novas disposicións dos versos.
 - Outros poetas desta xeración que podemos mencionar son Manuel María, Bernardino Graña, Alexandre Criebeiro, Manuel Cuña Novás, Salvador García-Bodaño, Xosé Luís Franco Grande, Arcadio López Casanova e Xoana Torres.